

## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2017**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas do día dez de agosto de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar MartínezTroncoso; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dna. M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

**1º.- ACTA ANTERIOR.-** Dáse conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 14 de xullo de 2017 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

**2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.-** Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

**Expdt. 069/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. MANUEL PAZOS PINTOS**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de A Revolta, nº 18, na parroquia de Besomaño, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Legalización de vivenda**", no lugar de Agro, na parroquia de Besomaño.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

### ***"1. Antecedentes***

***25/01/2017*** Dna. Milagros Pintos Falcón solicitou "**Licenza de obras para legalización de construción de uso residencial**" achegando informe sobre interpretación da Disposición Transitoria Terceira da nova Lei do Solo 2/2016, do 9 de Febreiro respecto da posibilidade de implantar o uso residencial nunha edificación destinada a almacén agropecuario, construída en Solo Rústico ao amparo de licenza municipal outorgada por acordo da X.G.L. de 24/10/2011, (expediente 65/11).

**27/01/2017** Informe do Técnico municipal que subscribe polo que se require diversa documentación, entre elas o Expediente de legalización, subscrito por arquitecto e visado.

## **2. Documentación achegada**

### **25.01.2017 – R.E. 205**

Solicitud de licenza de obras para a legalización de construción con uso residencial de acordo cos criterios da nova Lei do Solo de Galicia, 2/2016 de 9 de Febreiro, D.T. 3ª.

Informe sobre a situación urbanística da parcela e construción de almacén de 22/12/2015 subscrito pola arquitecta Dna. Carmen Santiso Rolán.

### **25/04/2017 – R.E. 1202**

Instancia de D. Manuel Pazos Pintos solicitando Legalización de vivenda.

Expediente de legalización de obras de edificación en curso - Vivenda unifamiliar en planta baixa, redactado pola arquitecta Dna. Alicia Gómez Bala, visado colexial de 07/04/2017, a nome de D. Manuel Pazos Pintos.

Oficio de Dirección de Obra subscrito pola arquitecta Dna. Alicia Gómez Bala.

Cuestionario de estatística da edificación.

### **27/04/2017 – R.E. 1234**

Instancia solicitando a transmisión da Licenza concedida a Dna. Milagros Pintos Falcón a favor de D. Manuel Pazos Pintos.


De acordo co solicitado, no meu informe anterior, resta por presentar os documentos seguintes:

- Plano e escrito de cesión de terreos afectados pola aliñación a vía pública.

## **3. Situación urbanística**

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO RUSTICO COMÚN**.

De acordo co artigo 34.2.a) da Lei do Solo de Galicia, trátase dun Solo Rústico de Especial Protección, dado



que se trata de terreos que foron obxecto de Concentración Parcelaria na parroquia de Besomaño (leiras nº 86 e 87 do Polígono nº 1)

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, **"Ó solo incluído nos ámbitos do Solo Rústico aplicaráselle integramente o disposto na lei para o Solo Rústico"**.

O artigo 35 da Lei establece os usos e actividades en solo rústico, autorizando as construcións destinadas a uso residencial sempre que estea vinculado a unha explotación agraria ou gandeira e teña autorización previa do organismo autonómico competente en materia de urbanismo, previa á obtención do título habilitante municipal.

Por outra banda, a Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2016 do 9 de Febreiro, do Solo de Galicia establece o réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico, avogando polo mantemento das obras amparadas por licenza urbanística, o seu uso, a execución de obras de mellora e reforma e mesmo obras de ampliación da superficie edificada licitamente, previa licenza municipal e\_ cumprindo varios requisitos.

Entre estes requisitos (apartado d) **"Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, ou os regulados no artigo 40 da presente Lei"** (residenciais, terciarios ou produtivos, actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos).

Segundo este criterio a nova lei abre tres camiños para establecer os usos residenciais en Solo Rústico, (en tanto que o Regulamento da Lei -Decreto 143/2016, do 22 de Setembro- non desenvolve o contido da D.T. 3ª da Lei.) Son os seguintes:

- a) O citado do artigo 35.1.n.
- b) A implantación do uso residencial en edificacións tradicionais, regulado polo Artigo 40
- c) A modificación para uso residencial nas construcións executadas ao amparo de licenzas outorgadas antes da entrada en vigor da LSG, de acordo cos criterios da D.T. 3ª.

O petionario canaliza a súa solicitude de acordo co criterio do punto c), en base a unha construción edificada en base a licenza municipal, e adxunta un anejo

(denominado Abril de 2017) onde distingue o que chama "Obra Lícita", de 100.00 m2 construídos, e a "Obra a legalizar", de 135.95 m2 (en Memoria constan 136.15 m2) , xustificando que o volume máximo en que se ampla a vivenda non supera o 50% do volume inicial.

#### **4. Comparativo da obra construída respecto da licenza concedida**

No cadro seguinte inclúense os parámetros urbanísticos de ambas as edificacións tomando do proxecto achegado os datos da obra construída.

	<i>ALMACÉN AGROPECUARIO</i>	<i>VIVENDA UNIFAMILIAR</i>
<i>SUP. PARCELA</i>	<i>3.175.00 M2</i>	<i>3.175.00 M2</i>
<i>SUP. OCUPADA</i>	<i>100.00 M2</i>	<i>136.15 M2</i>
<i>ALTURA EDIFICACIÓN</i>	<i>4.61 M.</i>	<i>4.62 M.</i>
<i>VOLUMEN</i>	<i>406.00 M3</i>	<i>528.86 M3</i>
<i>RETRANQUEO LINDEROS</i>	<i>5.00 M.</i>	<i>5.07 M.</i>
<i>RETRANQUEO VIAL</i>	<i>63.00 M.</i>	<i>63.00 M.</i>
<i>USO</i>	<i>ALMACÉN AGROPECUARIO</i>	<i>VIVENDA</i>
<i>ACABADOS EDIFICACION</i>	<i>Cerramiento de bloque de hormigón recubierto con chapa de piedra. Cubierta de teja "pais"</i>	<i>Cerramiento de doble hoja de ladrillo revestido con mortero de cemento y parcialmente con chapado piedra . Cubierta de fibrocemento y teja cerámica curva</i>

A maiores, no documento presentado, proxéctase a execución de obras de reforma interior da edificación xerando novos espazos e a instalación dun sistema de captación de enerxía solar e outro de ventilación con obxecto de dar cumprimento ás esixencias de CTE.

#### **5. Consulta a AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANISTICA**

Existe unha Resolución da APLU cobre a edificación, polo que o pasado día 7 de Xullo realicei consulta sobre a viabilidade do caso por aplicación da D.T. 3ª da nova Lei.

Da Axencia se nos informou sobre a contestación recibida da Dirección Xeral de Urbanismo respecto da posible aplicación do apartado segundo da disposición transitoria terceira da Lei 2/2016 do solo de Galicia á solicitude de licenza de legalización de obras de ampliación executadas sen licenza nin autorización autonómica no mesmo sólido que, con anterioridade á ampliación, obtivo licenza municipal de obras, nos termos seguintes:

*-O réxime transitorio previsto na disposición Tr. 3ª, ven a regular un réxime específico para as construcións executadas en solo rústico amparadas en licenza urbanística que existían no momento de entrada en vigor da Lei 2/2016, é dicir, o día 19 de marzo de 2016.*

*- Que aínda que non se prevé expresamente tal posibilidade, esa ausencia de previsión non obsta para que poda resultar de aplicación o seu contido para una posible legalización, sempre e cando concurren todos os requisitos que na mesma se esixen, polo que para determinar se cabe a legalización das obras ao abeiro da disposición transitoria 3ª, deberá acreditarse o cumprimento de todos os requisitos que se esixen na mesma, cuestión que deberá ser abordada atendendo á solicitude de licenza de legalización das obras.*

## **6. Conclusións**

*Trátase dun Solo Rústico de Especial Protección onde só autorízase o uso de vivenda se existe informe favorable do órgano con competencia sectorial en materia de urbanismo. (punto "n" do art. 35.1 da Lei 2/2016), aínda que a Resolución do Director da APLU considera o solo como Rústico Común a o no concorrer ningún valor de protección.*

*O expediente presentado propón a legalización das obras executadas e as que denomina "en curso" acolléndose aos supostos da D.T. 3ª da Lei, para o uso de vivenda.*

*A obra executada difire na superficie e volumen construídos respecto das condicións da licenza concedida para almacén agropecuario, aspecto que se demostra graficamente no plano que adxunta no "anejo Abril de 2.017", onde a planta e sección da obra executada non coincide coa autorizada. Con todo, a obra cumpre as condicións de implantación e edificación establecidas pola Lei no seu artigo 39, (retranqueos a linderos, parcela mínima, etc.)*

*De acordo co anterior, entendo que só serían autorizables as obras de demolición necesarias para repoñelas á legalidade, ás condicións da licenza concedida, e unha vez adaptada a obra á licenza que a ampara, poderíase autorizar o cambio de uso e a ampliación, seguindo o criterio da D.T. 3ª e as condicións do artigo 39 da Lei. (parcela de 2.000 m<sup>2</sup>, ocupación máxima do 20% e 5 m. de retranqueo mínimo a linderos), previo informe do órgano con competencia sectorial (art. 36.2 da Lei)*

***Polo exposto, de acordo coa legalidade vixente (D.T. 3ª da Lei 2/2016 do Solo de Galicia), en aras da economía e eficacia de actos, que deberá rexer toda actuación da Administración, emito INFORME FAVORABLE sobre a viabilidade da legalización das obras executadas e as que cita o petionario como "obras de edificación en curso", sempre que contén co informe favorable que regula o artigo 36.2 da Lei do Solo.***

*Por tanto, é necesario que o solicitante complete os extremos apuntados neste informe, e de conformidade cos artigos 71.1 e 42.5 da lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común do 26 de Novembro de 1992, e a súa reforma na Lei 4/99 do 13 de Xaneiro, débesele requirir para que no prazo de DEZ días complete a documentación acompañando os documentos necesarios, quedando suspendido o prazo para resolver o expediente, advertíndolle que no caso de non facelo en prazo terase por desistida a súa petición".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. MANUEL PAZOS PINTOS**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de A Revolta, nº 18, na parroquia de Besomaño, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Legalización de vivenda**", no lugar de Agro, na parroquia de Besomaño e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 070/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. LUCAS BUGALLO PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa San Roque, nº 7, sita no Concello de Cambados, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Reparación puntual de cuberta de nave e canalón (aprox. 40 m<sup>2</sup> de panel de chapa) da nave**", sita na rúa do Pan, nº 1, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 8579408NH1087N0003IL.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a edificación onde se pretenden levar a cabo as obras está situada nun solar clasificado como SOLO URBANO de Barrantes, correspondendo coa **ORDENANZA 5 INDUSTRIAL DE CABANELAS**, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001.*

*Que a ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no capítulo III do título VII, artigos 161 ó 165, aínda que en virtude da entrada en vigor da*

*Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.*

*Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado. [.../....]*

*A edificación atópase construída dende o ano 1940, tal e como se desprende da gráfica descritiva do catastro e no concello non costan denuncias, nin expedientes de reposición da legalidade contra a mesma.*

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".*

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado.*

***A finalidade das obras consisten no cambio ou reposición de 40 m2 de panel de chapa na cuberta e a reparación do canalón.***

*Que as obras serían factibles no caso de que a construción puidera considerarse dentro deste suposto, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer ampliacións ou cambios na estrutura nin consolidación da edificación.***

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as*

*disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.*

*Polo tanto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da AUTORIZACIÓN solicitada, pondendo iniciar as obras trascorridos quince días laborables dende a fecha na que se tramitou comunicación previa (18/07/17).*

*A documentación aportada e suficiente no trámite solicitado.*

*Segundo o artigo 71 do vixente PXOM ó principia-las obras deberá colocarse en lugar visible un cartel cos seguintes datos: Promotor/a, Técnico redactor/a, Técnico director/a, Contratista, Nº de expediente e data da súa solicitude. Neste caso ó tratarse de obra menor, figurarán no cartel os datos relativos ó promotor, obras a executar e número de expediente.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a autorización caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas (autorizacións)*

*1. No acto de outorgamento da licenza (autorización) de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza (autorización), logo da solicitude expresa, sempre que a licenza (autorización) sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.*



*A declaración de caducidade extinguirá a licenza (autorización), non podéndose iniciar nin proseguir as obras ou exercer a actividade, sen a obtención da nova licenza (autorización) axustada á ordenación urbanística en vigor”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. LUCAS BUGALLO PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa San Roque, nº 7, sita no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras de **“Reparación puntual de cuberta de nave e canalón (aprox. 40 m<sup>2</sup> de panel de chapa) da nave”**, sita na rúa do Pan, nº 1, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Técnico Municipal.

**Expdt. 071/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. ALFONSO RODIÑO GONZALEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Villaverde, nº 14, na parroquia de Barrantes, sita no concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construcción de 20 ml de peche de finca en pedra con portal e cancela”**, na finca sita na rúa Villaverde, s/n, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 8838503NH1083N0001EK.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

*A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición “transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento” que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

*c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en súas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará*

*íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../.....]*

*O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.*

*Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:*

*a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.*

*A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).*

*b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se preveza no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.*

*Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle íntegramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.*

#### EDIFICACIÓN EXISTENTE

*Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 2.011 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.*

#### PECHE CON MURO DE FORMIGÓN PINTADO

*Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "1.- Os solares ou calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con*

*pechamento permanente de altura mínima de 1,80m e máxima de 3,00m, sitos na aliñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do Concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de vidro sen tratamento. 2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m. 3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m. 4.- Exceptúanse aqueles edificios aillados que, en razón do seu destino, requiran especiais medidas de seguridade, en tal caso o pechamento axustarase ás súas necesidades. 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares.”*

*En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima que o que En canto a altura máxima do muro de peche, para unha parcela sen edificar, ésta non podrá sobrepasar os 2,50 m especificados como máximo nas Normas complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial no artigo 17. d)., por ser a mais restrictiva.*

**O muro de estética conforme o lugar e a altura do muro non superará os 2,00 m.**

*Aporta autorización emitida polo Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial (**Expediente: 2015002970**), por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP 9302, debendo cumprir o que nela se estableza.*

*E de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:*

**Por atoparse dentro da zona de afección dunha estrada de titularidade da Deputación Provincial, deberá cumprir o retranqueo que establece a autorización deste organismo, e que neste caso e de 6,30 m medidos dendo o eixo da estrada e por tanto superior a establecida no artigo 190.5.2 do PXOM.**

*Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”*

**O material e de formigón pintado , que deberá ter cores acordes cos do entorno para harmorizar coa paisaxe.**

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".*

***Os muros de peche se consideran obras menores***

*Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

*A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previas*

*1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licencia urbanística á **D. ALFONSO RODIÑO GONZALEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Villaverde, nº 14, na parroquia de

Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Construcción de 20 ml de peche de finca en pedra con portal e cancela"**, na finca sita na rúa Villaverde, s/n, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Técnico Municipal.

**Expdt. 072/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE LUIS SOMOZA PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Vilariño, nº 49, sita no concello de Cambados, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Cambio de 40m<sup>2</sup> de tella de galpón"**, sito na rúa Escusa, nº 8, na parroquia de Ribadumia; Refs. Catastrais. 36046D505106910000PB e 36046D505106910001AZ.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *"A parcela na que se pretende levar a cabo as obras solicitadas está calificada como **SOLO RÚSTICO COMÚN (SRC)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. / E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....]// O **SÓLO RÚSTICO COMÚN** se corresponde en principio co **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.// [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....] // En aplicación da DT.1ª.2 da LS, ao solo rústico do planeamento non adaptado á lei 972.002, aplicaráselle o establecido na presente lei para o solo rústico, sen indicarse o mantemento da vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo. Polo tanto, os artigos 34.2.a) da lei e 49.2.a) do regulamento sobre a clasificación do solo como rústico de especial*

protección agropecuaria para aqueles terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme, é de aplicación directa neste plan. // A parcela e a 723 do pólígono 05, da Zona de concentración Parcelaria de Ribadumia II, e por tanto a clasificación se corresponde co **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7)**. [.../.....].

Se pretende executar as seguintes obras, dentro da súa propiedade:

#### EDIFICACIÓN EXISTENTE

Non aporta licenza de construción da edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 2.006. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

#### OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBRICIÓN

**Que as obras solicitadas son a substitución do material de cubrición de cuberta de galpón por tella cerámica.**

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

#### **A tella cerámica e un material tradicional da zona**

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.**

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previa

*1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinarase os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

*Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.*

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

*4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE LUIS SOMOZA PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Vilariño, nº 49, sita no concello de Cambados, para levar a cabo as obras de **“Cambio de 40m<sup>2</sup> de tella de galpón”**, sito na rúa Escusa, nº 8, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Técnico Municipal.

**Expdt. 073/17.**-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE LUIS PEDREIRA CARRERA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Mamuela, nº 27, sita no concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construción de depósito de auga”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 36046D502202950000PU.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

***"1. Obras solicitadas e documentación adxunta***

*Construción dun depósito de auga con muros de formigón, de 8 x 4 m. e unha profundidade de 1,40 m.*

*Así mesmo achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras, por importe de 81.93 euros.*

***2. Situación urbanística***

*A parcela onde preténdense levar a cabo as obras, están clasificadas como SÓLO RÚSTICO COMÚN polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente ou 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativas:*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto na Lei para o Solo Rústico".*

*A leira e a obra cumpren coas condicións do artigo 39 da nova Lei ao contar con todos os servizos sinalados no punto a), cumprir as condicións de edificación do punto c) e as condicións de situación e implantación do punto d) de dito artigo.*

*Respecto dos usos, a obra podería encadrarse nos enumerados pola Lei no artigo 35. m) instalacións hidráulicas e abastecemento de auga.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

***Polo exposto emítase INFORME FAVORABLE para a concesión da licenza solicitada.***

*Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de 9 de Febreiro, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE LUIS PEDREIRA CARRERA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Mamuela, nº 27, sita no concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Construción de depósito de auga**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 074/17.**-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. FRANCISCO MARTINEZ OLIVEIRA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Gándara, nº 18, na parroquia de Ribadumia, sita no concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras para "**Cambiar e reparar material de cuberta en nave (470m<sup>2</sup>)**", no lugar do



seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 9658510NH1095N0001MP.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que: "**1. Obras solicitadas e documentación adxunta.**

*Solicítase cambiar e reparar material de cuberta en nave no lugar da súa residencia, en Bouza, 18, Ribadumia, cunha superficie aproximada de 470 m<sup>2</sup>, segundo se indica na fotografía aérea adxunta.*

*Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 16.450 €), por importe de 329,00 €.*

*Segundo os arquivos do concello, consta licenza para ampliación de nave no ano 1997. Así mesmo, non consta a nome do titular e sobre a finca, denuncias nin expediente de infracción urbanística.*

## **2. Situación urbanística.**

*A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)" e "SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C)". A edificación froito das obras a executar está situada integramente na zona calificada como SR-C, sendo por tanto de aplicación a norma referida a ese tipo de solo.*

*En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]*

*d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.*

*En consecuencia disto, segundo os artigos 34.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 49.2.a) do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aos solos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme serán considerados como "Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria". Polo tanto, a edificación na que se levarán a cabo as obras está situada en "SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA".*

*Segundo a Disposición transitoria terceira da lei 2/2016, as construcións executadas en solo rústico ao amparo de licenza municipal urbanística poderán manter o uso autorizado, podendo executarse nelas obras de mellora e reforma das instalacións sin incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando non cumplisen as condicións de implantación, uso e edificación establecidas pola presente lei.*

*Que as obras que se pretenden realizar, consisten na reparación substitución do material de cuberta, e poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente co PXOM así como coa lei 2/2016. **En ningún caso as obras suporán aumento de volume ou superficie edificada, modificacións na pendente da cuberta ou cambio na estrutura.***

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

*Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. FRANCISCO MARTINEZ OLIVEIRA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Gándara, nº 18, na parroquia de Ribadumia, sita no concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para **“Cambiar e reparar material de cuberta en nave (470m<sup>2</sup>)”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 075/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de D. Luis González-Redondo Neira con domicilio en rúa Coruto, nº 23, na parroquia de Ribadumia, en representación de **D. JAVIER GARCIA ESTEBAN** polo que solicita autorización para a realización de **“Segregación de parcela”**, na rúa Regueira, nº 8, na parroquia de Leiro.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

**"1º.- Documentación aportada**

19.07.2017 (R.E. 2356)

Proxecto de segregación da parcela redactado polo inxenheiro D. Luis Rodríguez-Redondo Neira.

Fotocopia do D.N.I.

Escritura pública de compraventa e agrupación de parcelas

**2º.- Obxeto da segregación**

O proxecto consiste en segregar unha parcela da finca matriz, donde están as edificacións máis importantes.


**3º.- Normativa urbanística**

Según o disposto no PXOM de Ribadumia, a finca está incluída no **SOLO DE NUCLEO RURAL**.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.a) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo de Núcleo Rural aplicaráselle o disposto no planeamento respectivo". Neste caso o PXOM de Ribadumia.

**4º.- Descripción da finca inicial**

- *Descripción – URBANA, denominada CASA DE MARIÑO, con dependencias anexas, dunha superficie de dous mil seiscentos dez metros cadrados. (2.610.00 m<sup>2</sup>) no nº 8 da Rúa Regueira de Leiro, municipio de Ribadumia. Segundo recente medición do técnico autor do proxecto a leira ten unha superficie de dous mil trescentos sesenta metros cadrados (2.360.00 m<sup>2</sup>) e no Catastro consta unha superficie de dosu mil trescentos cuarenta e un metros cadrados (2.341.00 m<sup>2</sup>)*
- *Lindes*
  - Norte Camiño*
  - Sur Sur camiño de paso*
  - Este Finca nº 142 de Adolfinia Mouriño Señorans e finca nº 148 de Victor José Torres Mouriño*
  - Oeste Finca nº 140 de Ramón Barreiro Rey e nº 139 de dueño desconocido.*
- *Datos rexistrals Tomo 941, Libro 72, Folio 7, Finca 9747*
- *Ref. Catastral: 0781305NH2008S0001AX*
- *Clasificación e calificación urbanística - Solo de Núcleo Rural*



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA

SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA  
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

## CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

---

**REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE**  
**0781305NH2008S0001AX**

### DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

<b>LOCALIZACIÓN</b>	
RU REGUEIRA-LEIRO 8	
36635 RIBADUMIA [PONTEVEDRA]	
<b>USO PRINCIPAL</b>	<b>AÑO CONSTRUCCIÓN</b>
Residencial	2007
<b>COEFICIENTE DE PARTICIPACIÓN</b>	<b>SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>)</b>
100,000000	545

### PARCELA CATASTRAL


<b>SITUACIÓN</b>	
RU REGUEIRA-LEIRO 8	
RIBADUMIA [PONTEVEDRA]	
<b>SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>)</b>	<b>SUPERFICIE GRÁFICA PARCELA (m<sup>2</sup>)</b>
545	2.341
<b>TIPO DE FINCA</b>	
Parcela construida sin división horizontal	

### CONSTRUCCIÓN

Destino	Escala	Planta	Puerta	Superficie m <sup>2</sup>
VIVIENDA	1	00	A	212
VIVIENDA	1	01	A	133
ALMACEN	2	00	A	74
ALMACEN	1	00	B	7
ALMACEN	3	00	A	75
DEPORTIVO	4	00	A	44

### INFORMACIÓN GRÁFICA

E: 1/1000



Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del 'Acceso a datos catastrales no protegidos' de la SEC.

520,000 Coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89  
 Límite de Manzana  
 Límite de Parcela  
 Límite de Propiedad

Lunes, 31 de Julio de 2017

### 5º.- Descripción da finca resultantes segregada

Da finca inicial descrita anteriormente proxéctase a segregación dunha parcela coas seguintes características:

#### Denominación Finca segregada

- Superficie bruta 732.00 m<sup>2</sup>
- Superficie cesión viales 53.00 m<sup>2</sup>
- Superficie neta 679.00 m<sup>2</sup>
- Lindes:
  - Norte: Resto da finca matriz
  - Sur: Camino
  - Este: Victor José Torres Mouriño
  - Oeste: Adonis Martínez Núñez y parcela nº 139
- Clasificación e calificación urbanística: Solo de Núcleo Rural

Edificacións : Ocupando 454.00 m<sup>2</sup> da finca con unha superficie total construida de 623.00 m<sup>2</sup>

- Edificación para vivenda, en plantas baixa (215.00 m<sup>2</sup>) e alta (169.00 m<sup>2</sup>).
- Edificación auxiliar de planta baixa (90.00 m<sup>2</sup>)
- Alpendre de planta baixa (85.00 m<sup>2</sup>)
- Garaxe anexo á vivenda de planta baixa (34.00 m<sup>2</sup>)

- Diversas casetas de planta baixa (30.00 m<sup>2</sup> de superficie total)

### **6º.- Descripción do resto de finca matriz**

Denominación Resto de finca matriz

URBANA, denominada CASA DE MARIÑO, con dependencias anexas.

- Superficie 1.628.00 m<sup>2</sup>
  - Lindes:
    - Norte Camiño
    - Sur Finca segregada
    - Este Finca nº 142 de Adolfina Mouriño Señorans e finca nº 148 de Víctor José Torres Mouriño
    - Oeste Finca nº 140 de Ramón Barreiro Rey
  - Clasificación e calificación urbanística - Solo de Núcleo Rural
- Edificacións : Ocupando 42.00 m<sup>2</sup> da finca con unha superficie total construída de 42.00 m<sup>2</sup>
- Edificación para garaxe, en plantas baixa (33.00 m<sup>2</sup>).
  - Horreo de planta baixa (9.00 m<sup>2</sup>)

### **6º.- Xustificación cumprimento do PXOM**

<b>NORMAS URBANÍSTICAS</b>				
<b>SOLO DE NÚCLEO RURAL</b>		<b>PARCELA SEGREGADA</b>	<b>RESTO DE FINCA MATRIZ</b>	
Parcela mínima	600 m <sup>2</sup>	732.00 m <sup>2</sup>	1.628.00m <sup>2</sup>	<b>CUMPREN</b>
Frente mínimo de parcela	8 m	24.10 m	41.03 m	<b>CUMPREN</b>
Retranqueo da Alineación oficial	5 m. ao eixo do camiño	5 m.	-	<b>CUMPRE</b>
Parcela neta	600 m <sup>2</sup>	679.00 m <sup>2</sup>	1.628.00 m <sup>2</sup>	<b>CUMPREN</b>
Ocupación máxima	50%	6.20%	27.90%	<b>CUMPREN</b>
Edificabilidade	1.0 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,062m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,38 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	<b>CUMPREN</b>

### **7º.- Conclusións**

Polo exposto anteriormente **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o Proxecto presentado por cumprir co PXOM e demais normativa de aplicación”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
